

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA E A ASOCIACIÓN DE USUARIOS DE BANCOS, CAIXAS DE AFORRO E SEGUROS DE GALICIA ADICAE-GALICIA PARA A PROMOCIÓN E O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE ATENCIÓN E RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS EN MATERIA DE PROTECCIÓN DAS PERSOAS CONSUMIDORAS A TRAVÉS DA MEDIACIÓN E A ARBITRAXE, NAS OFICINAS COAS QUE CONTA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.**

En Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2023

**REUNIDOS**

DUNHA PARTE: O INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA (en adiante IGCC), e no seu nome, o seu director ,  
 , actuando no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 13 dos estatutos do IGCC publicados mediante Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia (DOG nº 160, do 25 de agosto de 2016) , e o artigo 1 da Resolución do 23 de marzo de 2017 sobre delegación de competencias en diversos órganos deste instituto (DOG nº 74, do 18 de abril de 2017) .

DA OUTRA, ASOCIACIÓN DE USUARIOS DE BANCOS, CAIXAS DE AFORRO E SEGUROS DE GALICIA ADICAE-GALICIA, representada polo seu presidente, D. \_\_\_\_\_ nomeado por acordo de elección da nova Xunta Directiva celebrada na Asemblea Xeral do día 29 de decembro de 2020, actuando no exercicio do seu cargo, en virtude das atribucións que lle confiren os seus Estatutos.

Ambos comparecentes actúan, como queda reflectido, en nome das súas respectivas entidades, e de mutuo acordo conveñen as seguintes estipulacións e declaracións,

## EXPOÑEN

Primeiro. Que o IGCC é un organismo autónomo adscrito organicamente á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación que, de acordo co Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia desenvolve unha ampla gama de fins relativos á información, formación, promoción e, en definitiva, á protección das persoas consumidoras e usuarias, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia e a disposición adicional segunda da Lei 2/2012, do 28 de marzo, de protección das persoas consumidoras e usuarias. Entre os mencionados fins, atópase o de cooperación coas asociacións de consumidores.

Segundo. Que a ASOCIACIÓN DE USUARIOS DE BANCOS, CAIXAS DE AFORRO E SEGUROS DE GALICIA ADICAE-GALICIA ( en adiante ADICAE-GALICIA ) constitúese como unha asociación de consumidores sen ánimo de lucro con ámbito de actuación en toda a Comunidade Autónoma de Galicia e que de acordo cos seus Estatutos, ten entre as súas funcións, a de negociar e asinar Convenios de Colaboración con outras entidades sempre que non se vulneren as prohibicións legais e estatutarias establecidas.

Dita asociación goza de unha contrastada experiencia na defensa dos consumidores figurando inscrita no Rexistro de Organizacións de Consumidores e Usuarios de Galicia dende o ano 2004 e forma parte do Consello Galego de Consumidores e Usuarios de Galicia dende o ano 2013 formando parte do pleno do mesmo cun representante.

Terceiro. Que é un obxectivo do IGCC, tal e como se establece no artigo 53.3 da

Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, fomentar ás organizacións de consumidores, e mediante este convenio quérese cumprir con ese obxectivo, concretamente coas federacións e asociacións de consumidores de ámbito autonómico con contrastada experiencia e representatividade na defensa das persoas consumidoras cun mínimo de 10 anos de antigüidade no Rexistro de Organizacións de Consumidores e Usuarios de Galicia e que formen parte, con un mínimo de 6 anos, do Consello Galego de Consumidores e Usuarios, como máximo órgano de representación e consulta en materia de consumo.

Todo elo para promover o desenvolvemento de actuacións en materia de atención e resolución das reclamacións das persoas consumidoras galegas a través da mediación e a arbitrase de consumo, como paso previo á súa resolución ou, no seu caso, á súa tramitación posterior ante o órgano encargado de resolver.

A estratexia de protección ás persoas consumidoras para o período 2020/2025, ten por obxecto lograr un alto nivel de protección na nosa Comunidade Autónoma e enmárcase na “Nova Axenda Europea do Consumidor 2020-2025”, compartindo os obxectivos contemplados na mesma e encadrándose dentro do ámbito competencial da Comunidade Autónoma en materia de protección das persoas consumidoras.

Neste contexto, os servizos financeiros e de subministración de enerxía eléctrica e gas merecen especial atención, debido a súa transformación nos últimos anos coa transición dixital e aparición de novos produtos.

Cuarto. Ante o escenario actual onde é necesario primar os recursos, un dos xeitos de dar servizo ó maior número de persoas consumidoras posibles é o de colaborar coas federacións e asociacións de persoas consumidoras de ámbito autonómicas integrantes do Consello Galego de Consumidores e

Usuarios, ao tratarse das Organizacións mais representativas que engloban a un gran número de asociacións dispersas por diversas provincias e localidades. Deste xeito lograse achegar os servizos de protección as persoas consumidoras á maioría das persoas consumidoras de Galicia.

Quinto. Que de acordo co anterior ADICAE-GALICIA cumpre cos requisitos de antigüidade como organización autonómica e representatividade e antigüidade no CGCU e é un obxectivo do IGCC promover o desenvolvemento de actuacións en materia de atención e resolución das reclamacións das persoas consumidoras galegas a través da mediación e a arbitraje de consumo, como paso previo á súa resolución ou, no seu caso, á súa tramitación posterior ante o órgano encargado de resolver.

Sexto. Que de conformidade co disposto no artigo 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, concorren na sinatura do presente convenio razóns de interese público xa que se está a impulsar por parte do IGCC unha actividade de interese xeral tal e como é a de promover o desenvolvemento de actuacións en materia de atención e resolución das reclamacións das persoas consumidoras galegas a través da mediación e a arbitraje de consumo, como paso previo á súa resolución ou, no seu caso, á súa tramitación posterior ante o órgano encargado de resolver. Ao mesmo tempo, e segundo o devandito artigo non é posible promover a concorrència xa que a actuación do IGCC vai dirixida a federacións e asociacións que gozan de unha contrastada experiencia neste campo do consumo e unha gran presenza en toda a comunidade autónoma e representatividade. Así, dada a especificidade das características que debe cumprir a entidade, o carácter federativo ou autonómico das mesmas, a súa antigüidade no Rexistro de Asociacións como organización de carácter autonómico e a súa presenza e antigüidade no Consello Galego de Consumidores e Usuarios, outórgalles unha contrastada experiencia no campo e a súa dispersión e presenza nas provincias, cumpríndose con aquel requisito

de xustificación da non concorrencia. Por outra banda, cómpre ter en conta a ampla porcentaxe da poboación á que se lle da cobertura co proxecto que se pretende levar a cabo coa sinatura deste convenio, dado o carácter de asociación autonómica e integrante do Consello Galego de Consumidores e Usuarios de Galicia que ten ADICAE-GALICIA.

Sétimo. A Orde da Consellería de Economía do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada dos expedientes de gasto (DOG núm. 34, do 19 de febreiro), modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 (DOG núm. 231, do 29 de novembro) e pola Orde do 25 de outubro de 2001 (DOG núm. 209, do 29 de outubro), posibilita a tramitación anticipada dos expedientes de gasto imputables ao capítulo IV no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian imputar os correspondentes gastos, sempre que exista crédito adecuado e suficiente no proxecto de Lei de orzamentos xerais para o ano 2023 aprobado polo Consello da Xunta de Galicia extraordinario do día 18 de outubro de 2022.

De acordo co disposto no artigo 3.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, a tramitación anticipada poderá chegar como máximo ata o momento anterior ao da disposición ou compromiso de gasto. Así mesmo, segundo o establecido no artigo 5 da devandita orde, todos os actos de trámite ditados en desenvolvemento desta resolución enténdense condicionados a que, unha vez aprobada a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento da súa produción.

Con este fin, no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 existe, na aplicación 05.80.613A.481.0, partida orzamentaria consignada pola contía de 25.000€ para atender ao gasto do presente convenio.

Oitavo. Que a necesidade de establecer mecanismos de coordinación e colaboración tendentes a potenciar a protección do consumidor en todos os campos nos que se desenvolve a acción, tanto da Administración Autonómica como das Organizacións de Consumidores, no ámbito das competencias propias de cada unha delas, vai a determinar a subscripción do presente convenio, conforme ás seguintes:

## CLÁUSULAS

### **Primeira. *Obxecto***

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración, cooperación e coordinación entre o IGCC e ADICAE-GALICIA para promover o desenvolvemento de actuacións en materia de atención e resolución das reclamacións das persoas consumidoras galegas a través da mediación e a arbitraje de consumo, como paso previo á súa resolución ou, no seu caso, á súa tramitación posterior ante o órgano encargado de resolver.

### **Segunda. *O beneficiario e as súas obrigas***

En virtude do establecido no artigo 8.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, terán a consideración de beneficiarios a persoa que teña que realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se encontre na situación que lexitime a súa concesión.

ADICAE-GALICIA comprométese a asumir todas as obrigas que comporte o desenvolvemento das accións ás que fai referencia a cláusula cuarta deste convenio e que se expresan na mesma. Así mesmo, asume todas as obrigas ás que fai referencia o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Ó abeiro do artigo 11.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a asociación ADICAE-GALICIA, deberá comunicar ao IGCC a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a asociación ADICAE-GALICIA está obrigada a subministrar ó IGCC, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquelas das obrigas previstas no Título I da citada lei.

Faise constar que dito convenio é compatible con outras axudas , ingresos ou recursos que teñan a mesma finalidade que este convenio.

ADICAE-GALICIA é libre respecto ao modo no que se deberán desenvolver as actuacións e o contido das actividades, sen prexuízo da potestade do IGCC de facer recomendacións sobre o modo no que se deberán desenvolver as actuacións e o contido da actividade.

### **Terceira. *Compromisos do IGCC***

O compromiso do IGCC neste convenio límtase a facer a achega dos fondos públicos a cambio do desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio por ADICAE-GALICIA nas que está presente un interese público como é promover o desenvolvemento de actuacións en materia de atención e resolución das reclamacións das persoas consumidoras galegas a través da mediación e a arbitraje de consumo, como paso previo á súa resolución ou, no seu caso, á súa tramitación posterior ante o órgano encargado de resolver.

#### **Cuarta. Compromisos de ADICAE-GALICIA**

1. ADICAE-GALICIA prestará a colaboración obxecto deste convenio especificada no apartado 2 desta cláusula, a tódalas persoas consumidoras que o demanden.

Cando se trate de colaboración relacionada con produtos e servizos financeiros ou de subministración de enerxía eléctrica ou de gas, dita colaboración será de xeito totalmente gratuito, directa ou indirectamente, de tal xeito que non deberá ser obrigatorio para a persoa consumida darse de alta como socio/a da organización, se leva aparellado o desembolso de contías económicas, xa sexa por cota de alta ou posteriores cotas mensuais.

2. Ante unha consulta ou reclamación dunha persoa consumidora ou usuaria, ADICAE-GALICIA informará a estas dos seus dereitos, e da documentación precisa ou conveniente para a tramitación dunha reclamación.

ADICAE-GALICIA realizará, en todas as reclamacións presentadas nas súas oficinas, a correspondente mediación ante o reclamado/a e no seu caso promoverán a arbitrase de consumo para lograr a súa resolución.

3. No caso de que a mediación e a arbitrase non prospere, ADICAE-GALICIA realizará a conseguinte tramitación ante o órgano competente para resolvela.

4. Das actuacións realizadas, especialmente das reclamacións, mediacións e ofrecemento do Sistema Arbitral de Consumo, deberá quedar constancia escrita, tanto do seu intento como do seu resultado, remitíndose mensualmente un listado das mesmas (anexo I).

5. Todas as reclamacións presentadas nas súas oficinas e mediacións, así como o seu traslado ao IGCC, deberán rexistrarse obrigatoriamente de xeito telemático

na forma establecida polo IGCC, sendo isto unha obriga e requisito imprescindible para o desempeño da finalidade do convenio, de tal xeito que o seu incumprimento entendese como causa de resolución do mesmo.

6. ADICAE-GALICIA participará e formará parte das actuacións da Xunta Arbitral de Consumo de Galicia. Así mesmo, designará árbitros cando así llo solicite o IGCC, dentro do ámbito de actuación das súas oficinas e ámbito territorial de ADICAE-GALICIA..

7. ADICAE-GALICIA ,se como consecuencia das reclamacións presentadas ou das súas propias actuacións, detectase incumprimentos graves ou xeneralizados no eido de desenvolvemento de actuacións, servizos e procedementos de atención, información e mediación no campo do dereito de protección das persoas consumidoras deberá poñelo en coñecemento do IGCC o mais axiña posible.

Neste sentido, deberá aportar un informe exhaustivo onde consten ditas irregularidades, así como a proba ou xustificación das mesmas .

8. ADICAE-GALICIA comprométese a darlle publicidade ó servizo obxecto deste convenio a través de calquera soporte, incluída a súa páxina web (na súa páxina de inicio e en lugar ben visible para o visitante). Así mesmo, manterá de forma destacada, un enlace á páxina web do IGCC.

Nas oficinas de atención presencial, nos puntos de información presencial e nos distintos soportes de comunicación que utilice ADICAE-GALICIA deberá publicitar de forma destacada que:

*“Esta organización presta un servizo de consulta e resolución de reclamacións as persoas consumidoras, subvencionado pola Xunta de Galicia. O dito servizo*

*será totalmente gratuito cando se trate de servizos relacionados con produtos e servizos financeiros ou de subministración de enerxía eléctrica ou de gas ”.*

O dito texto deberá completarse coa indicación do horario de prestación do servizo, obxecto deste convenio.

9. ADICAE-GALICIA deberá contar, como mínimo, cunha oficina de atención as persoas consumidoras con persoal cualificado para dar o servizo obxecto deste convenio e cun horario mínimo de 15 horas semanais. En dita oficina deberá figurar en lugar ben visible un cartel con unhas medidas mínimas de 450 x 320 mm seguindo o modelo que se xunta como anexo II a este convenio.

10. Calquera tipo de divulgación de datos que ADICAE-GALICIA pretenda levar a cabo relacionada co convenio, deberá previamente comunicalo con unha antelación mínima de 15 días ó IGCC. En todas estas actuacións de divulgación deberá figurar que son accións enmarcadas dentro deste convenio de colaboración co IGCC e financiadas polo mesmo.

#### **Quinta. Financiamento**

Para o desenvolvemento do obxecto do presente Convenio, o IGCC achega a cantidade total de 25.000 euros para os gastos correntes con cargo á aplicación orzamentaria 05.80.613A.481.0 do orzamento de gastos do IGCC para o ano 2023.

Non obstante, cabe sinalar que este procedemento tramitase en base á Orde da Consellería de Economía do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada dos expedientes de gasto (DOG núm. 34, do 19 de febreiro), modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 (DOG núm. 231, do 29 de novembro) e pola Orde do 25 de outubro de 2001 (DOG núm. 209, do 29 de outubro), posibilita a tramitación anticipada dos expedientes de gasto imputables ao capítulo IV no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian imputar os correspondentes gastos,

sempre que exista crédito adecuado e suficiente no proxecto de Lei de orzamentos xerais para o ano 2023 aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do día 18 de outubro de 2022.

De acordo co disposto no artigo 3.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, a tramitación anticipada poderá chegar como máximo ata o momento anterior ao da disposición ou compromiso de gasto. Así mesmo, segundo o establecido no artigo 5 da devandita orde, todos os actos de trámite ditados en desenvolvemento desta resolución enténdense condicionados a que, unha vez aprobada a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento da súa produción.

Con este fin, faise constar que no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, existe a devandita aplicación 05.80.613A.481.0, partida orzamentaria consignada pola contía de 25.000,00€ para atender os gastos do presente convenio.

A asociación ADICAE-GALICIA destinará a achega feita polo IGCC, a sufragar os gastos correntes das súas oficinas, derivados das actuacións subvencionadas no marco do programa obxecto deste convenio.

A asociación ADICAE-GALICIA achegará todos os recursos materiais e humanos necesarios para levar a cabo as actuacións sinaladas anteriormente, ben con fondos propios ou persoal voluntario e responsabilizarse e asumirá a coordinación total deste programa.

De non xustificar o importe total do convenio, e sempre e cando se acadase a súa finalidade, o IGCC minorará a súa achega proporcionalmente ao importe xustificado.

### **Sexta. Xustificación e pagamento**

1. No momento da sinatura do convenio procederase ó pagamento á asociación ADICAE-GALICIA dun anticipo do 60,4 % da cantidade destinada a financiar gastos correntes, segundo establece o artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o novo regulamento autonómico que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Para proceder a este primeiro pago, a asociación beneficiaria deberá acreditar que iniciou as actividades obxecto do convenio nas súas oficinas, xuntando documentación gráfica (fotos,...) da publicidade do convenio á que se alude na cláusula cuarta deste convenio .

O resto do importe librarase no momento de completar a xustificación por parte de ADICAE-GALICIA do cumprimento da finalidade para a cal se celebra este convenio. Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes do IGCC , antes de proceder ao seu pagamento, poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada.

2. De conformidade co establecido no artigo 65.4º f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ADICAE-GALICIA non está obrigada a constituír garantía.



3. Para cobrar a totalidade do importe do convenio, ADICAE-GALICIA deberá presentar a xustificación do convenio antes do 10 de decembro de 2023, para o cal deberá remitir ó IGCC o seguinte:

- Unha memoria de avaliación das actividades realizadas onde consten as consultas e reclamacións atendidas diariamente, así como as mediacións realizadas, o ofrecemento da arbitrase de consumo e no seu caso a resolución da reclamación ou a súa tramitación ó IGCC ou organismo competente. Presentarase tamén un informe dos datos de consultas e reclamacións por sectores económicos e oficinas de atención e provincias de tal forma que se comprobe que o obxecto do convenio foi realizado e no que aparezcan as conclusións, problemas detectados e actuacións levadas a cabo por ADICAE-GALICIA para a súa resolución..
- Relación dos gastos realizados que deberán vir ordenadamente relacionados nunha lista, desglosados por conceptos e que deberán axustarse ao establecido no anexo III . Ditos gastos acreditaránse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico mercantil ou con eficacia administrativa. Ditas facturas (orixinais ou copias auténticas) correspondente ó período de xustificación do convenio (1 de xaneiro de 2023 a 10 de decembro de 2023) estarán expedidas a nome da asociación beneficiaria do convenio, e deberá figurar na mesma os datos identificativos da empresa proveedora, desglose de impostos e especificación clara do seu contido, debendo quedar reflexado que o seu pago foi efectuado ou documento que xustifique o mesmo.
  - o Os pagamentos poderanse realizar polos seguintes medios:
    - Transferencia bancaria.



- Cheque nominativo co seu xustificante de movemento de fondos.
  - Pagamentos en efectivo: para a correcta acreditación do pagamento debe presentar un recibo asinado e selado polo proveedor, no que estea suficientemente identificada a empresa que recibe o importe e no cal consten o número e a data de emisión do xustificante de pagamento, así como o nome e o NIF da persoa que o asina. No suposto de que o pagamento se acredite mediante recibín consignado no mesmo documento xustificativo do gasto, este deberá conter a sinatura lexible indicando a persoa que o asina, o seu NIF e o selo do proveedor. A xustificación do pagamento mediante recibín da empresa provedora só poderá aceptarse para gastos de escasa contía por importes inferiores a mil euros, segundo o establecido no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- No suposto de que o xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas.
  - Poderán incluírse os seguintes gastos, correspondentes ao período de xustificación (1 de xaneiro 2023 a 10 de decembro de 2023):
    - Gastos do persoal da asociación beneficiaria que realice tarefas de atención nas oficinas da organización ( este persoal non poderá realizar de xeito profesional ou empresarial , con ánimo de lucro, actividades obxecto deste convenio, tales como abogacía , peritaxes, etc). Deberá terse en conta que os gastos de persoal devengan a final de mes e polo tanto quedaría fora do período de xustificación a nómina do mes de decembro 2023. Para a xustificación do convenio poderán terse en conta





xustificantes de gastos devindicados correspondentes ó período de vixencia do convenio que á data de xustificación do mesmo aínda non foran efectivamente pagados, sempre e cando se refiran ós gastos de cotas patronais e obreiras de Seguridade Social e os relacionados con obrigas tributarias concernentes ó IRPF.

-Gastos de aluguer dos locais da organización onde se presten os servizos de atención ó consumidor.

-Gastos por taxas de recollida de lixo.

-Gastos de funcionamento e mantemento das oficinas de atención, como subministros de luz e auga , teléfono, correos e postales , internet, cotas de comunidade , seguros e material de oficina .

- Gastos de xestión necesarios para o funcionamento das oficinas de atención.

- Declaración responsable de que a asociación beneficiaria do convenio cumpriu cos obxectivos previstos no convenio.

- Declaración responsable na que conste o horario de atención ó público efectivamente prestado da asociación beneficiaria.

- Declaración responsable da asociación beneficiaria do convenio, da obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas neste convenio.

4. No momento da xustificación da execución do programa obxecto deste convenio e, en calquera caso, antes do pagamento da cantidade achegada polo IGCC a asociación ADICAE-GALICIA acreditará atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, estatais e autonómicas, e fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, supoñendo a sinatura do convenio a autorización ao órgano xestor para solicitar



as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

5. Procederase ó reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devindicado dende o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Para facer efectiva a referida devolución tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no capítulo II do título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **Sétima. Fiscalización e control**

O IGCC resérvase a facultade de realizar as comprobacións ou controis que considere necesarios, e que ADICAE-GALICIA admite, co propósito de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta achega económica. Así a asociación beneficiaria da achega estará na obriga de prestar colaboración e facilitar tanta información e documentación sexa requirida no exercicio das funcións de control que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ou no seu caso ao control realizado polo Consello de Contas e demais órganos competentes.

#### **Oitava. Comisión de Seguimento**

Constituirase unha comisión de seguimento, que adoptará os seus acordos por consenso e que estará integrada por dúas persoas representantes de ADICAE-GALICIA e por dúas persoas representantes do IGCC, sendo presidida por unha destas. Constituirase a petición de calquera das dúas partes.

Son funcións desta comisión:

1. Velar polo cumprimento do convenio.
2. Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

### **Novena. Vixencia e resolución**

O período de vixencia do presente convenio comezará o día da súa sinatura e estenderase ata o 31 de decembro de 2023, con retroacción dos seus efectos para amparar as actuacións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2023. Todo isto sen prexuízo da posibilidade, por acordo das partes, de prorrogar expresamente o dito prazo por períodos de duración anual, previo cumprimento dos trámites orzamentarios.

O presente Convenio poderá resolverse cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

1. Denuncia expresa de calquera das partes establecéndose un prazo de aviso previo de dous meses.
2. Incumprimento das cláusulas do convenio.

Toda alteración das condicións polas que se fai a presente achega poderá dar lugar á modificación do presente Convenio.

En virtude da normativa vixente na Comunidade Autónoma de Galicia, este convenio poderá ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

### **Décima. Non existencia de relación laboral**

Para a realización das actividades derivadas deste convenio, ADICAE-GALICIA aportará os medios persoais apropiados.

A subscrición do presente convenio non conleva relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e o IGCC, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin indirecta ou subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

### **Décimo primeira. *Natureza***

Este convenio ten natureza administrativa, e ao tratarse dun convenio administrativo de colaboración, atópase excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Non obstante o anterior, o IGCC ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución e nulidade propias dos negocios xurídicos administrativos, de acordo coa Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ademais das potestades específicas derivadas da relación xurídica subvencional, como é a potestade de reintegro nos supostos que proceda, sen prexuízo da súa impugnación perante a xurisdición contenciosa-administrativa.

### **Décimo segunda. *Publicidade***

O IGCC procederá ás correspondentes publicacións no Diario Oficial de Galicia e na páxina web do IGCC, de acordo co disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro reguladora da transparencia e o bo goberno no ámbito da administración pública de Galicia.

### **Décimo terceira. *Remisión normativa.***

En todo o non previsto no clausulado do presente convenio, o mesmo rexerá polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; o seu Regulamento aprobado por RD887/2006, do 21 de xullo, nos seus preceptos declarados básicos; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o novo regulamento autonómico que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de

Galicia; o Acordo adoptado polo Consello da Xunta na súa reunión do día 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con entes públicos e de colaboración con particulares.

Así mesmo, rexerose pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, sendo de aplicación os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que poidan presentarse, polas demais normas de dereito administrativo e no seu defecto polas normas de dereito privado, e será competente para atender os litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso-administrativa.

Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ambas dúas partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade subscribítese, por duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

<p>O DIRECTOR DO INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA</p> <p>(Asinado de xeito electrónico)</p>	<p>O PRESIDENTE DE ADICAE-GALICIA</p> <p>(Asinado de xeito electrónico)</p>
---	---





## ANEXO I: DATOS DO CONVENIO

PERÍODO:

TIPOLOXÍA	Nº RECLAMACIÓNS ATENDIDAS	Nº TRAMITACIÓNS A ENTIDADE	Nº TRAMITACIÓNS A B. ESPAÑA (*)	Nº PROPOSTAS DE MEDIACIÓN	Nº PROPOSTAS DE ARBITRAXE	Nº TRAMITACIÓNS XUDICIAIS	Nº RESULTAS A FAVOR DO CONSUMIDOR POLA ASOCIACIÓN	Nº REMITIDAS O IGC
CLÁUSULAS CHAN								
COMISIÓNS BANCARIAS								
ELECTRICIDADE								
GAS								
CRÉDITO EXPRÉS								
TELEFONÍA								

(\*) No caso de que proceda







